

TEMA 29. AS GRANDES REFORMAS DA REPÚBLICA¹

Orientacións PAU: O alumnado comentará as causas, evolución e consecuencias das principais reformas emprendidas pola República (relixiosa, militar, agraria, territorial, educativa...), explicando con máis detalle aquelas que se mencionen especificamente nos documentos e indicando cales foron xa iniciadas no Goberno Provisional ou no Bienio Reformista, a parálise de todas elas durante Bienio de Dereitas e a súa recuperación no goberno da Fronte popular, non sendo necesario afondar nestes períodos.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- Causas, características, evolución e balance das reformas:
 - Relixiosa
 - Educativa
 - Militar
 - Laboral
 - Agraria
 - Territorial

1. ETAPAS DA II REPÚBLICA

Tras a proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, a Segunda República coñecerá varias etapas ata o golpe de Estado en 1936:

- 1) Goberno Provisional, formado polos partidos do Pacto de San Sebastián: republicanos de esquerda e dereita, socialistas e ex-monárquicos (abril – decembro de 1931)
- 2) Bienio de Esquerdas. Tras as aprobación da Constitución fórmase un goberno de republicanos de esquerda e socialistas (decembro de 1931-setembro de 1933).
- 3) Bienio de Dereitas ou Bienio Negro. As eleccións de novembro de 1933 deron como vencedores á CEDA e ao Partido Republicano Radical de Alejandro Lerroux. Sucedéronse gobernos formado polos radicais de Lerroux apoiados pola CEDA (decembro de 1933-febreiro de 1936).
- 4) Fronte Popular. As eleccións de febreiro deron a vitoria por estreito marxe á Fronte Popular de esquerdas. Fórmase un goberno participado só polos republicanos de esquerda comandados por Manuel Azaña (febreiro de 1936 – Guerra Civil - abril de 1939).

Será nas etapas do Goberno provisional e no Bienio reformista cando se inicien as grandes reformas na II República.

2. REFORMA RELIXIOSA:

Causas: A influencia da Igrexa na sociedade era moi forte mais, ao mesmo tempo, a modernización e urbanización en España empurrou un movemento de secularización da sociedade que tivo na II República o seu punto álxido. A Igrexa exercía un poder e influencia no eido da educación, a moral, etc. A relación Igrexa e República non foi a mellor das posibles, pero isto non foi nin unha novidade nin unha sorpresa. En palabras de Julián Casanova, “a Igrexa resistiu con forza eses ventos impetuosos de modernización e de secularización [presentes en España desde o s.XIX]. E levantou un sólido dique fronte aos individuos que disentían coas súas

¹ A base do texto é de Miguel Abreira [https://drive.google.com/file/d/13pMdEwxSV3FAj1cfv0RQTXfr8ZAZAX_V/view] e do manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía e Santillana. No texto citamos outras fontes consultadas.

opinións e estudo de vida desa orde que aquela bendicía e amparaba. Así se forxou a historia dun resentimento constante entre clericalismo e anticlericalismo, orde e mudanza, reacción e revolución”².

Evolución: Na redacción da Constitución de 1931 existe unha clara separación Igrexa-Estado. Os diferentes gobernos iniciaron unha serie de reformas ao amparo da carta magna.

- 1) A Constitución define a España como unha república laica con liberdade de culto
- 2) Igrexa non contaba con partidas dos orzamentos do Estado e pasa a pagar impostos
- 3) Péchanse os centros de ensino da Igrexa.
- 4) Recolle o dereito a unha educación obrigatoria, gratuíta e laica.
- 5) Disólvese a orde dos Xesuítas pola súa obediencia ao Papa (1932)

Durante o Bienio de Esquerda, o goberno tomou as seguintes medidas

- 1) Secularización dos cemiterios, que pasan a ser propiedade dos concellos (1932).
- 2) Estabelecementos do matrimonio civil (quitándolle á Igrexa o monopolio do matrimonio) (1932)
- 3) Aprobación da Lei do Divorcio e o matrimonio civil, quitándolle á Igrexa tamén o poder de anular matrimonios (1932).
- 4) En 1933, apróbase a Lei de Confesións e Congregacións Religiosas que puña fin ao exercicio do ensino ás ordes relixiosas, o patrimonio da Igrexa pasaba a ser propiedade do Estado, limitábase a actividade económica ás ordes, as actividades relixiosas fóra dos templos requiría dun permiso do Goberno etc.
- 5) Durante o Bienio de dereitas non se derogou a lei porque habería que reformar a Constitución, mais si suspenderon os prazos dos peches dos centros docentes católicos, aprobouse o pagamento do soldo ao clero en determinadas condicións.

Consecuencias: Estas medidas foron vistas como unha persecución polo clero e os máis conservadores, provocando incluso a dimisión do Presidente da República, Alcalá Zamora, en 1931. Esta cuestión relixiosa acabará sendo un das temas de maior enfrontamento entre españois na República.

3. REFORMA EDUCATIVA

Causas: Os índices de analfabetismo variaban entre o 30 e o 50% da poboación dependendo do lugar e o sexo. Os gobernos da Segunda República desenvolveron unha intensa actividade para mellorar o nivel cultural da poboación así como a modificación da mentalidade coa idea de crear cidadáns libres e responsables capaces de levar a cabo a modernización do estado.

Evolución: O ministerio de Instrución Pública deseñou un ambicioso programa de escolarización que incluía a creación de numerosas escolas e mellora da formación e número de mestres. O número de institutos de Bacharelato aumentou e o de escolas de primaria case se duplicou, creáronse novos centros de investigación, recoñeceuse o dereito do emprego das linguas rexionais etc.

O desexo de levar a instrución e a cultura a todos os lugares de España propiciou a aparición de novas experiencias. Entrás elas destacaron as Misións Pedagóxicas (que levaron polas vilas e aldeas o teatro, cine, conferencias libros...) e La Barraca (agrupación teatral de estudantes

² Casanova, Julián (2022)[2013]: *España partida en dos. Breve historia da Guerra Civil española*. Crítica, Barcelona. P. 44

universitarios dirixidos por Federico García Lorca.

Consecuencias: As melloras nas taxas de alfabetización foron evidentes. Os conflitos viú da man da secularización do exercicio da docencia. O corpo de docentes foi un dos que máis sufriu a represión na Guerra Civil por parte do bando rebelde dada a súa implicación no espallamento dos valores da República.

4. REFORMA MILITAR:

Causas: O exército contaba cun excesivo número de oficiais, un armamento deficiente así como unha excesiva influencia na política.

Evolución: Queríase reformar o exército, modernizalo e poñelo ao servizo da democracia. O ministro de Guerra (Manuel Azaña, Acción Republicana) intentou reformar o exército, modernizándoo e poñéndoo ao servizo da democracia. No ano 1931 apróbanse as seguintes medidas:

- 1) Aprobación do Decreto de Retiro da Oficialidade, que ofrecía aos oficiais xubilarse antes conservando o salario.
- 2) Aprobación de decretos de anulación dos ascensos concedidos durante a Ditadura de Primo de Rivera.
- 3) Peche da Academia Militar de formación de oficiais de Zaragoza, que dirixía Francisco Franco.
- 4) Supresión da Lei de Xurisdicións de 1906, que permitía aos tribunais militares xulgar calquera ofensa “á unidade da patria, a bandeira ou ao exército”.
- 5) Obriga dos militares a prometer fidelidade á República.

No ano 1932, o ministro Miguel Maura, do goberno reformista, impulsa a creación dunha policía republicana: a Garda de Asalto.

No ano 1933, apróbase a Lei de Vagos e Maleantes para tratar de previr os delitos mediante medidas de seguridade e internamento en colonias agrícolas e centros de traballo a persoas consideradas antisociais ou perigosas como vagabundos, proxenetas, mendigos profesionais ou toxicómanos.

Consecuencias: A Lei Azaña provocou o enfado de sectores do exército (sobre todo, africanistas) e que moitos se apuxeran á República, como probaba o Golpe do xeneral Sanjurjo (1932). Mesmo algunhas das súas medidas privaron ao exército de militares leais á república. A xubilación “forzosa” de oficiais tamén apartou do exército a eses militares. Por outro lado, é necesario mencionar que o goberno conservador de 1933 non derogou as leis fundamentais que afectaron ao exército.

5. REFORMA LABORAL³

Causas: O contexto laboral no comezo da II República estaba marcado por unha profunda crise económica e social herdada do fracaso da ditadura de Primo de Rivera e o impacto do crack do 29. España era un país eminentemente agrícola cunha clase obreira en situación precaria,

Evolución: O ministro de Traballo (Largo Caballero, PSOE) promulgou unha serie de decretos e leis

³ Sirgo García, Marta (2020) “El derecho del trabajo en la Segunda República Española” TFG, Universidad de Valladolid [<https://uvadoc.uva.es/handle/10324/47031>, consultado o 7/03/2026].

durante o goberno provisional cos que pretendía mellorar a situación da clase traballadora e campesiña: salarios de subsistencia e xornadas esgotadoras. A lexislación favorecía claramente ao empresario sobre a clase traballadora. Os gobernos da República lexislarán para modificar esta situación.

- 1) Decreto de Laboreo Forzoso: Obrigaba ao propietario a ter as terras traballadas ou lle serían expropiadas para entregalas a organizacións de xornaleiros e campesiños
- 2) Lei de Contrato de Traballo: Estableceu a negociación colectiva como fonte de dereito, eliminou a necesidade de permiso marital para as mulleres e introduciu as vacacións pagas de sete días.
- 3) Lei de Xurados Mixtos: Creou organismos paritarios de patróns e obreiros para mediar en conflitos e fixar condicións laborais.
- 4) Lei de Xornada Máxima Legal: Estableceu a xornada laboral de 8 horas diarias (48 semanais).
- 5) Lei de Termos Municipais: Obrigaba aos patróns agrícolas a contratar preferentemente a xornaleiro que fosen veciños do propio municipio.

Estas medidas foron en parte anuladas no Bienio de dereitas. A lei de Termos Municipais será derogada e a dos xurados mixtos modificada. A partir de outubro de 1934 autorízase o despedimento libre de traballadores que participaran en movementos revolucionarios.

O goberno da Fronte Popular de 1936 anula estas modificacións e continúa coa reforma laboral.

Consecuencias: A lexislación laboral será obxecto de intensos debates e a conflitividade social unha constante a partir das contrarreformas do goberno de dereitas. A folga revolucionaria de outubro de 1934 será a expresión máis clara desta tensión entre a patronal e a clase obreira.

6. REFORMA AGRARIA:

Causas: Os procesos de desamortización do sXIX tentaron solucionar o problema agrario, mais o seu coñecido resultado non alcanzou este obxectivo. O atraso técnico no campo e, sobre todo, unha desigual distribución da propiedade da terra, especialmente na metade sur da península, constituían os principais problemas do agro español. Produtividade e desigualdade social dos xornaleiros e xornaleiros eran as pedras angulares das diversas reformas que se levaron a cabo.

Evolución: A lexislación social e laboral explicada anteriormente tamén afecta ao campesiñado. En 1932, nun contexto favorable, tras o intento frustrado de golpe de Estado do xeneral Sanjurjo, aprobouse a **Lei da Reforma Agraria**.

A reforma consistía nunha política de expropiación mediante a indemnización de fincas de labranza non explotadas directamente polos seus propietarios e o asentamento de labradores nas mesmas en réxime de arrendo. Da súa posta en marcha encargouse o Instituto de Reforma Agraria (IRA) apoiado financeiramente por un Banco Nacional Agraria dotado de escasos recursos.

Consecuencias: Os resultados da reforma agraria foron reducidos por vario motivos:

- 1) A complexidade prevista para levar a cabo todo o proceso
- 2) A lentitude da burocracia administrativa do IRA.
- 3) As contradicións da dirección política da reforma dentro do propio goberno republicano.

- 4) A oposición social dos propietarios e a Igrexa que se mostraron contrarios ás reformas.
- 5) A República tampouco contou con fondos suficientes para indemnizalos o que provocou o fracaso da reforma. O primeiro ano de vixencia da lei só se asentaron en novas explotacións 2.500 campesiños. Dos máis de 2 millóns e medio de hectáreas susceptibles de seren expropiadas, só se viron afectadas algo menos do 5%.
- 6) A decepción do campesiñado xornaleiro ante o pouco alcance das reformas. O movemento anarquista, forte entre este colectivo non contento coa reforma decidiu actuar de forma directa ocupando terras, especialmente no sur. Os sucesos de Casas Viejas en 1933 son unha mostra desta estratexia de acción directa que foi fortemente reprimida pola República.

A oposición á reforma agraria, tanto dos sectores da dereita (Igrexa e terratenentes) coma de esquerda (anarquistas) será un eixo explicativo fundamental na Guerra Civil.

7. REFORMA TERRITORIAL:

Causas: É coñecida a existencia de territorios con expectativas de maior autonomía política. De feito, o mesmo 14 de abril de 1931, tras a proclamación oficial da II República, Francesc Maciá (líder de Esquerra Republicana, o partido vencedor en Barcelona) proclamará a República Catalá como Estado independente nunha Federación Ibérica. A cuestión territorial centrou o debate no primeiro goberno provisional.

Evolución: Tres días despois da proclamación da República, o Goberno Provisional envía varios ministros a Barcelona, onde logran que Maciá se retracte a cambio da promesa dun Estatuto de Autonomía. Na Constitución recolleuse o dereito das rexións á autonomía, para o cal era necesario elaborar un Estatuto de Autonomía e superar 3 pasos:

1. Que este Estatuto foro proposto pola maioría dos concellos desa rexión.
2. Que fose aprobado por $\frac{2}{3}$ dos electores desa rexión.
3. Que fose enviado ás Cortes españolas e aprobado nelas.

Cataluña foi a primeira en presentar Estatuto, aprobado en 1932 tras o golpe de Sanjurjo, pasando a ter un parlamento e goberno (Generalitat) propios, e outras competencias.

A autonomía do País Vasco alcánzase en outubro de 1936 despois dun longo período iniciado en 1931. O inicial desacordo da sociedade vasca, primeiro por incluír Navarra e, despois, por non ter suficiente apoio na provincia de Álava prolongará o proceso truncado pola Guerra Civil.

O proceso do estatuto galego é impulsado pola Asemblea Rexional de Municipios de Galicia en 1932. O plebiscito celébrase o 28 de xuño de 1936 e o día 15 de xullo apróbase nas Cortes republicanas. O golpe de Estado e a Guerra Civil impediron o seu desenvolvemento.

Consecuencias: Esta cesión de autonomía a Cataluña xerou un enorme nerviosismo no exército e propiciou non só o golpe de Sanjurjo senón que sería un dos argumentos para o de xullo do 36.

8. CONCLUSIÓN

O conxunto de reformas levadas a cabo ou pretendidas pola II República, sobre todo durante o Goberno Provisional, o Bienio Reformista e coa Fronte Popular, provocaron unha forte oposición da dereita (terratenentes, patróns, Igrexa e algúns sectores do exército). O falido golpe de estado do xeneral Sanjurjo, a Sanjurjada, en 1932, foi un intento de paralizar estas reformas.

Con todo, a oposición a estas reformas tamén veu dos sectores anarquistas, que non concordaban co modelo de república burguesa. Arnedo (La Rioja, 1932) ou o caso de Casas Viejas (Cádiz, en xaneiro de 1933) son exemplos desta estratexia insurreccional. A forte represión ordenada polo goberno de Manuel Azaña despois das ocupacións en Casas Viejas propiciaría a dimisión do propio Azaña e a convocatoria de novas eleccións en novembro de 1933.

A reorganización e vitoria das dereitas nesas eleccións significou un cambio de rumbo. Iníciase así o chamado Bienio de Dereitas, Negro ou Antirreformista (1933-36) xa que comezarán a revisar todas as reformas, paralizándoas en grande medida ou reverténdoas.

Coas novas eleccións en febreiro do 36 e o triunfo de Fronte Popular (esquerdas) intentarase retomar todas as reformas paralizadas/rectificadas no Bienio de Dereitas. O medo á revolución social leva aos militares de extrema dereita a planear un golpe. En xullo do 36, os acontecementos precipítanse desembocando no inicio da Guerra Civil.

1

	EDUCATIVA (Marcelino Domingo / Fernando de los Ríos)	RELIXIOSA	MILITAR (Manuel Azaña)	AGRARIA (Marcelino Domingo)	TERRITORIAL	LABORAL (Largo Caballero)
CAUSAS	Sociedade analfabeta.	Forte influencia da Igrexa. E forte anticlericalismo.	Excesivo nº de mandos. Exército atrasado, sen armas Influencia política excesiva.	Atraso técnico e produtivo. Desigual distribución da propiedade da terra.	Rexións piden máis autonomía Proclamárase a República Catalá!	Contexto de precariedade e inseguridade laboral
OBXECTIVO	Alfabetizar á poboación. Facer escolas e	Estado laico e restarlle influencia á Igrexa.	Modernizar o exército. Poñelo baixo o poder civil, ao servizo da democracia.	Dar terras aos xornaleiros nas zonas de latifundios, xa que vivían na miseria.	Deseñar unha nova organización territorial, con dereito á autonomía rexional	Mellorar a situación da clase traballadora
EVOLUCIÓN	Creación de novas escolas Establece Coeducación Elimina materia Relixión	Constitución 1931: -república laica -liberdade de cultos -Igrexa: sen axudas e pasa a pagar impostos -dísólvese orde Xesuítas -péchanse escolas da Igrexa -educación brigatoria, gratuíta e laica Seculariza cemiterios Matrimonio civil Lei do Divorcio Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas	Decreto de Retiros Anulación de Ascensos Primo de Rivera Peché Academia Oficiais ZG Supresión da Lei Xurisdicións Prometer fidelidade á República. Crea a Garda de Asalto Lei de Vagos e Maleantes	Decreto de Laboreo Forzoso Decreto Termos Municipais Lei de Reforma Agraria: o Estado pode expropiar terras na España latifundista, con indemnización e para repartilas en lotes pequenos aos xornaleiros.	Promesa dun Estatuto de Autonomía a Cataluña. Constitución 1931: -Dereito das rexións á autonomía, con 3 requisitos. Apróbase o Estatuto Catalán Estatutos vasco e galego (1936)	Decreto de Laboreo Forzoso Lei de Contrato de Traballo Lei de Xurados Mixtos Lei de Xornada Máxima Legal Lei de Termos Municipais
CONSECUENCIAS DAS REFORMAS	Diminúa o analfabetismo Críticas ao ensino laico	Críticas da Igrexa e dereita. Dimisión do Presidente da República (Alcalá Zamora). Tensións	Críticas do exército (sobre todo africanistas, como Franco).	Sanjurjada (1932) Bloqueo dos propietarios. Decepción dos xornaleiros ante a lentitude da Reforma, oposición anarquista (Casas Viejas)	Críticas do exército Tensións...	Reacción da patronal e terratenentes.